


4.- Analice e comente a figura A-2. Orientacións para o comentario:

- réximes de precipitacións e de temperaturas, e tipo climático ao que corresponde.
- factores explicativos.
- influencia deste clima no medio.



4. Analice e

comente a figura A-2 Climograma (puntuación máxima de 3 puntos).

a) Réximes de precipitacións e temperaturas e tipo climático ao que corresponde:

Total de precipitacións é de 1.246 mm polo tanto sitúase na España húmida, a distribución é bastante regular ao longo do ano, aínda que atopamos os máximos no outono e no inverno cun mínimo relativo en verán, non se observa ningún mes con aridez.

Temperatura media suave 14,1°. Temperatura mínima anual en Xaneiro de 10° define un inverno suave e a máxima situada no mes de Agosto que non supera os 20° propio dun verán fresco, a oscilación térmica é de 10° moi baixa, corresponde a un clima de influencia marítima.

Conclúese que se trata dun clima oceánico ou atlántico.

b) Factores explicativos:

- Fronte polar: orixina as regulares precipitacións
- Anticiclón das Azores: favorece o mínimo relativo de precipitacións estivais
- Masas de aire: Polar marítima, ventos dominantes do oeste e noroeste

d. Características da Península Ibérica: disposición periférica do relevo que obrigan ao aire a elevarse e producen chuvias na vertente de barlovento, a situación na costa é practicamente a nivel do mar explican as suaves temperaturas.

c) Influencia deste clima no medio.

Vexetación. Desenvolve o bosque temperado caducifolio de faias e carballos como especies autóctonas, sotobosque é a landa (matogueira de toxo, xesta e uz) e as praderías. Aparecen bosques mixtos de carballos, faias e coníferas. Moitos deles son alterados para implantar cultivos, pastos ou especies forestais alóctonas de rápido crecemento para a súa explotación comercial.

Solos evolucionados, ricos en materia orgánica e ácidos, xa que as chuvias arrastran as bases.

Ríos caudalosos e de réxime regular, sen a penas estiaxes. Salvan fortes desniveis polo que teñen unha forte capacidade erosiva, escavan vales estreitos e profundos.